CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 23 DE NOVEMBRO DE 2020

No día de hoxe, ás 10:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:
Miguel Angel Vallo Camba
Mª del Carmen Torreiro González
Manuel Rodríguez Santos
Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela
Jesús Gómez Camino
Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos
Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS:Mª del Carmen Fuentes Rios

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Gema Leal Insua

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluidos na **ORDE DO DÍA**:

1. EXPEDIENTE MODIFICACION ORZAMENTARIA 4/2020 SC- SUPLEMENTO DE CREDITO. EXPTE TEDEC: 2020/T002/000018

* A secretaria pasa a ler a proposición, cuxo contido é o seguinte:

"Preocupados pola actual situación de crise económica que se está a vivir como consecuencia da pandemia, o Concello de Arzúa pretende realizar un plan complementario ao PEL-Reactiva , para continuar coa necesaria reactivación do comercio local. En consecuencia, parécenos boa, as iniciativas promovidas xa por outros concellos que inciden na reactivación do consumo coa emisión de tarxetas para canxear por compra nos negocios e establecementos comerciais e hostaleiros do noso municipio , contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica. Proponse inicialmente dotar un crédito de **15.000 €**, destinado a financiar as compras da campaña de nadal. Avaliada a repercusión da dita iniciativa, valorarase a realización doutras campañas con posterioridade. Resulta necesario actuar de xeito inminente, aos efectos de tratar de evitar o peche de negocios e que non se destruia emprego.

Tamén se pretenden levar a cabo obras necesarias para o funcionamento adecuado do servicio de abastecemento de auga, toda vez están existindo problemas na rede de distribución que obrigan a ter que efectuar unha " renovación da rede de manantiais en o Carballo" , e que segundo criterio técnico corresponde ao concello asumir os ditos costes , toda vez se trata de investimentos. Acompáñase presuposto de valoración dos traballos presentado pola empresa concesionaria, e que ascende a un importe de **47.248,77 €.** Resulta indemorable realizar estas actuacións porque en caso contrario produciriánse fallos na rede de distribución, que poderían determinar problemas de salubridade.

Advírtese tamén pola empresa concesionaria da piscina municipal que se fai necesario reparar o seu teito, o cal tamén foi verificado polo noso técnico municipal, porque está a causar danos no interior da instalación deportiva, causando o deterioro do mobiliario e dificultando a adecuada prestación das actividades, ao igual que no suposto anterior, verifícase polo técnico municipal, que as actuacións a realizar corresponden ao concello, pois non se corresponden coas asumidas pola empresa de mantemento das instalacións, ao igual que tampouco derivan dun mal mantemento das instalacións . O importe en que se valoran estas actuacións ascenderá a **18.150 €**. Aportarase unha memoria valorada polo técnico municipal. De non acometer os traballos de reparación rápidamente, poderíanse acrecentar os danos e impedir a prestación adecuada do servicio.

A instancia dos servizos de mantemento, tamén se detecta a necesidade inminente de efectuar a reparación dun muro de cachotería moi disgregada, toda vez existe perigo de desmoronamento, xa que existen partes derruídas e que están a afectarao vial que conduce a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

outeiro, a súa estabilidade , toda vez presenta risco de posibles desprendementos, que condiciona a estabilidade do vial. Apórtase informe en referencia ao estado do muro e da pista emitido polo arquitecto técnico municipal no que se acompaña dunha valoración, aos efectos de determinar o orzamento do gasto que derivará de realizar a dita actuación, valorándose en **23.596,09 €.**

Tamén verificamos que na vinculación xurídica 3-2, referidas a gastos que derivan da realización de actividades culturais e deportivas , o crédito xa está prácticamente esgotado, e resulta necesario dotar crédito en varias aplicacións orzamentarias para afrontar gastos que derivarán nesta recta final do ano e que son os seguintes;

- Aos efectos de dotar crédito para a programación de nadal, compáñase detalle das actividades da programación remitidas polo departamento de cultura , no que se fai unha valoración das actividades a realizar, e que ascenden a algo máis de 10.100 € aproximadamente, a parte tense realizado gasto que deberá imputarse a partidas de cultura, que ascenderán a un importe de aproximadamente 5.000 €. Procede incrementar a **aplicación orzamentaria 334 227 99 en 9.000 € e a 334 226 09 en 6.000 €.**

Cabe indicar tamén que a día de hoxe xa se verifica que non existe crédito consignado suficiente para atender ao gasto que derivará da facturación do subministro eléctrico (gardería e CEIP)., e que o factura ata o día de hoxe, xa supera o previsto, logo cómpre dotar crédito na aplicación orzamentaria **323 221 00 por importe de 4.000 €.**

Tamén cabe indicar que recentemente se ten solicitado pola empresa concesionaria da piscina o mantemento do equilibrio económico da prestación, toda vez a paralización da actividade determina a necesidade de que o concello indemnice a dita entidade con un importe que estiman en **25.219,52 €**. Cabe indicar que deberá tramitarse expediente ao efectos de determinar si efectivamente corresponde, procedendo a contrastar o importe mediante estudios contratadictorios e verificación da documentación xustificativa, pero entre tanto se está a tramitar, procede dotar o dito crédito, para garantir a cobertura, de estimarse que corresponde . (aplicación orzamentaria 342 226 04).

Visto o detalle do gasto que deberá ser realizado, verificado o seu carácter específico e determinado , quede constancia do carácter indemorable de acometelos, polos motivos indicados.

Tras a xustificación da necesidade de realizar as ditas actuacións, propoño,

PRIMEIRO: acordar a aprobación inicial dun expediente de modificación orzamentaria, mediante suplemento de crédito 4/2020 SC para dotar crédito para a realización dos gastos antes descritos e que ascenden a un importe total de 148.214,38 €.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE DOTAR CRÉDITO	IMPORTE A DOTAR
1531 619 00	23.596,09 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

161 633 00	47.248,77 €
323 221 00	4.000 €
334 226 09	6.000 €
334 227 99	9.000 €
342 226 04	25.219,52
342	18.150 €
433 472 00 : Outras axudas para o desenrolo empresarial.	15.000 €
Total	**148.214,38 €**

- Financiamento procedente de RTGX

FINANCIAMENTO	RTGX
870 00 Remanente de Tesoureiría para gastos xerais	**148.214,38 €**

SEGUNDO. Incoar o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con RLTGX , incorporando a seguinte memoria xustificativa da actuación, asinada pola Alcaldía.

TERCEIRO. Que se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para efectuar a referida modificación no Orzamento."

Informa a secretaria que en primeiro lugar, procede votar a urxencia de tratar agora dita proposición,que está sen ditaminar en comisión informativa.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este punto, que por unanimidade de todos os membros presentes, douse por motivada a urxencia.

Deseguido interveñen:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

* O Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar:
- Neste punto da orde do día está o peso político deste pleno extraordinario, dos seis apartados que ten esta proposta, están ben expostos catro deles como pode ser a reparación do teito da piscina , a agua etc, pero hai dous puntos que veñen a recalcar un pouco a forma que ten de facer as cousas o goberno na actualidade, que ven ser o tema da programación de Nadal, por importe de 15.000 euros sen que apareza unha programación explicita, ven ser un pouco como botar para o saco.
-A actividade económica tamén queda sen especificar, non hai ningunha programación que teña asignada outra cantidade de 15.000 euros.
-Nos outros catro puntos si que esta especificado a que se van adicar os cartos, pero estes dous puntos quedan sen saber a que se van adicar, unha política de tapar bache.
-Sobre todo os cartos que van adicados a cultura debería de especificarse a que van adicados.

* A Sra. Balado Conde (PSdeG) para manifestar:
- Estas aplicacións son sumamente importantes, a maioria dos cartos van adicados a actuacións que son moi urxentes
- Respecto o que dixo o concelleiro de CxG, ela nunca lle chamaría os cartos que van destinados para cultura que van destinados a tapar baches.

* O Sr. Carril Ramos (BNG) para indicar:
-Van votar a favor, queren facer algunha consulta sobre os apartados da proposta, e parece ser que esta vai ser a tónica xeral deste goberno na forma de traballar, porque estivemos sen orzamentos no ano 2020 e no ano 2021 parece que se vai na mesma liña.
- Querian preguntar que aparece na documentación un presuposto dunha empresa para unha reforma dunha traida de augas, pero non saben onde é, porque so pon renovación da rede de mananciais no Carballo
-En canto a piscina municipal, lembra que na parada técnica do ano pasado, xa fixeran unhas propostas ao concello porque xa se viñan arrastrando problemas na piscina un deles era este, e o alcalde contestou que tivera unha reunión coa empresa e que a empresa nesa parada técnica xa ía solucionar todos os problemas, isto demostra que iso non foi asi.
-En canto o custo enerxético da gardería demostrase unha vez mais a falta de previsión, e isto cuns orzamentos deberíase ir correxindo de cara ao futuro.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:
-O listado que se enumera hai 15.000 euros para financiar a campaña de nadal,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

estaría ben que dentro do expediente se especificaran as actividades que se inclúen, porque as actividades que propón o técnico de cultura que ascenden aproximadamente 10.000 euros detállanse minimamente.
-Sobre o tema da auga no Carballo, non sabe exactamente cal é a urxencia, si que se fala de temas de salubridade que pode ser urxente.
- O tema da obra na piscina, o muro en Boente, electricidade na garderia e no colexio, para o tema da auga se aporta un orzamento de Viaqua e non sabe como o concello ten pensado controlar eses gastos, non sabe se dentro do contrato que hai con Viaqua, se vai haber un control alternativo por parte do concello para verificar se ese orzamento que presenta encaixa mais ou menos dentro duns prezos de mercado
-Cre que as obras do concello a veces se pagan sen verificar se se fan de acordo co proxecto e que teñan a calidade que teñen que ter,.
- Que non sabe se se ten un forma prevista para o control do equilibrio económico da actividade na piscina que reclama a empresa para chegar a ese mínimo de ingresos que supostamente debería ter a piscina, que por mor da pandemia loxicamente non chegara a esa facturación. Se se reserva unha partida por se hai que pagar, o concello non sabe se ten previsto a maneira de realizar un control.

* O alcalde explica:
-Que cre que está suficientemente ben explicado na proposta, xa que se trata de modificacións urxentes que hai que facer porque hai que acometer nalgúns casos obras urxentes non previstas, polo tanto non hai improvisación ningunha, a veces hai cousas que non están previstas e é necesario acometer
-No caso dos 15.000 euros para promoción da actividade económica está previsto, ben sexa agora no nadal ou nas rebaixas sacar uns bonos para que a xente realice as súas compras no comercio local.
- O tema da auga do Carballo, fíxose xa unha pequena obra de 20.000 euros para cambiar as tuberias nas zonas onde están os mananciais da auga en Golan, porque esas tuberias tiñan aproximadamente uns 50 anos e nunca foron repostas e están dando problemas porque houbo roturas que houbo que ir solucionando, agora houbo unha rotura e decidiuse facer un corte para empatar a parte vella coa parte que xa se reparara o cal incrementa un pouco o problema noutro cacho xa que a presión é maior e as tuberías resisten menos. O orzamento como é un tema urxente e como é a empresa que mais coñece o problema, por iso se lle pediu a Viaqua, ese presuposto estará informado tamén polo técnico do concello o cal dara o visto bo ou non a ese orzamento.
- Con respecto a piscina, a empresa arranxou algo por onde había pequenas goteiras, pero parece que a cousa está indo a mais, díxolle o técnico do concello que fora a miralo e fixera un orzamento, quedan cousas sen facer, que se meteran no orzamento do ano pasado, se incluiran no POS ou no remanente do ano que ven, que non son tan

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

urxentes, como é o cambio de teito da piscina que nalgún sitio coa condensación é necesario cambialo, estas obras están previstas para o ano, pero son obras menos urxentes que a que se pretende acometer agora.

- O muro de Boente, foi algo non previsto, a pista que vai a Outeiro hai unha finca que queda mais baixa e o muro cedeu, foi mirar o técnico e dixo que era urxente que había perigo de derribo, hai unha memoria do técnico que foi enviada a patrimonio unha comunicación previa de urxencia, porque hai unha parte do muro que está afectado por patrimonio, para que dean o visto bo ou nos dean outra proposta.
- Con respecto a cultura, é certo que hai un informe do técnico para acometer certos gastos agora neste ultimo mes, son propostas derivadas das reunións que ten a concelleira de cultura co técnico de cultura para levar a cabo todas as programacións culturais que se fan o longo do ano.
- Con respecto o tema da gardería, cando se poñen uns orzamentos redondease a máxima a cantidade que se gastou o ano anterior, iso non implica que haxa mais ou menos consumo, porque se cambiou o sistema de calefación na parte nova e haberá mais consumo o cal non estaba previsto nos orzamentos do ano pasado.
- O tema do equilibrio económico que pide a empresa que leva a xestión da piscina municipal, eles presentaron unha documentacion ,esa documentacion vai ser revisada pola empresa que se contratou INTOCONSULTING, que se contratou para a elaboración de pregos e para ese tipo de cousas, xa se lle pasou a documentación para que a estuden para saber se a empresa ten ou non razón en reclamarnos esa cantidade.

* O S. Carril Ramos (do BNG) indica que preguntaban antes onde estaba ese manancial que se pretende arranxar, polo que explica o alcalde entende que debe ser unha prolongación do que se renovou hai moi pouco, entende que a obra da anterior renovación está rematada inda que se está rematada esta mal, porque ainda hai estacas na pista con cintas sinalizando para que non pisen, ainda hai pocetes onde van válvulas, teñen sen facer unha arqueta onde pode caer un animal ou calquera, non creo que teña moita auga pero unha liña de 15 milímetros parécelle algo pequena porque se algún día tivera algo mais de aforo non sabe.

* O alcalde contesta que non pode contestar porque non é técnico, se fala co técnico diralle se e ou non suficiente.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 8 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE e 2 concelleiros/as do BNG) e 4 abstencións (3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CxG), o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO: Acordar a aprobación inicial dun expediente de modificación orzamentaria, mediante suplemento de crédito 4/2020 SC para dotar crédito para a realización dos gastos antes descritos e que ascenden a un importe total de 148.214,38 €.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE DOTAR CRÉDITO	IMPORTE A DOTAR
1531 619 00	23.596,09 €
161 633 00	47.248,77 €
323 221 00	4.000 €
334 226 09	6.000 €
334 227 99	9.000 €
342 226 04	25.219,52
342	18.150 €
433 472 00 : Outras axudas para o desenrolo empresarial.	15.000 €
Total	**148.214,38 €**

- Financiamento procedente de RTGX

FINANCIAMENTO	RTGX
870 00 Remanente de Tesoureiría para gastos xerais	**148.214,38 €**

SEGUNDO.- Incoar o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con RLTGX , incorporando a seguinte memoria xustificativa da actuación, asinada pola Alcaldía.

TERCEIRO.- Que se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para efectuar a referida modificación no Orzamento."

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2.-ACORDO DE DETERMINACIÓN DO LÍMITE GLOBAL DE IMPORTES A ABONAR AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS EN CONCEPTO DE GRATIFICACIÓNS-PRODUTIVIDADES E HORAS EXTRAS. EXPTE TEDEC:2020/X999/000136

A secretaria da lectura a proposición da alcaldía, cuxo contido é o seguinte:

"PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA
ASUNTO: DETERMINACIÓN DO LÍMITE GLOBAL DE IMPORTES A ABONAR AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS EN CONCEPTO DE GRATIFICACIÓNS-PRODUCTIVIDADES E HORAS EXTRAS.

No título V das Bases de Execución do Orzamento regúlanse os gastos de persoal, así na base 43ª, nos seus primeiros párrafos , establécese en referencia a produtividade o seguinte;

"A concesión e aprobación destas retribucións rexerase polo disposto no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e no convenio colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm. 228 do 27 de novembro de 2014).

No caso de que se estableza o Complemento de Produtividade, ***corresponde ao Alcalde a distribución e asignación individualizada da contía global fixada nos orzamentos para complemento de produtividade, de acordo cos criterios xerais previamente establecidos polo Pleno.***

Os criterios xerais de distribución e asignación individual dos complementos de produtividade serán obxecto de negociación coa representación sindical.
As cantidades que perciba cada traballador por este concepto serán de coñecemento público dos demais funcionarios, así como dos representantes sindicais.".

Na Base de Execución nº 10, en referencia a vinculación xurídica dos créditos de persoal, establécese o seguinte en referencia a gratificación e productividade;

"- Aplicacións económicas correspondentes aos conceptos económicos 150 e 151 vincularán a nivel área de gasto e artículo entendendo que o Pleno fixa o importe global destes conceptos de gasto e das horas extraordinarias (130 01), pero permite que os importes destinados a un concepto ou a outro poidan variar respetando a cifra global. Dada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

a estructura orzamentaria sitúanse os créditos en diferentes grupos de programas en base a estimacións, pero como os ditos importes non poden estar preestablecidos e non xeneran ningún dereito, cabería transferir os créditos a diferentes grupos de programas según a avaliación do desempeño dos postos ou o incremento da xornada legal ou específicamente establecida na relación de postos de traballo, por necesidades de servicio, sendo sempre preferente o desfrute de días de descanso que o pago de gratificacións ou horas extraordinarias."

No orzamento prorrogado para o ano 2020 dotouse un importe total en concepto de gratificacións e productividades e de horas extraordinarias que ascenden a 8.859,00 €+2.471,00 €, o que determina un importe total de 11.330 €.
Visto o gasto realizado en materia de persoal, compróbase que durante o exercicio, estase a imputar a dita aplicación orzamentaria (931 150 00) , os importes que derivan do pago do complemento que se acorda pagar o técnico municipal que desenvolve funcións de Tesorería , entre tanto a praza non é ocupada por funcionario con habilitación nacional, como concepto de productividade, e elo implica que tendo en conta os importes deste complemento, a día de hoxe non habería dispoñible suficiente para atender a gastos que derivan de gratificacións e horas extras que realiza o persoal, entón en vista aos informes que elabora a intervención municipal con motivo da aprobación da nómina, é necesario clarificar en sede Plenaria, que os importes que se fixaron para o pago do dito complemento, non deben ser incluídos no dito importe global máximo, toda vez existiu un acordo independiente de establecemento do dito complemento, así debeuse entender incrementado o importe global autorizado polo pleno no importe que se estableceu para o dito complemento, que a día de hoxe está fixado en 573,11 € ao mes o que supón nun ano 6.877,32 €.
Cabe indicar, que igualmente tamén se comproba que existen convenios asinados entre estes concellos e outros concellos da contorna en materia de persoal, referidos a cesión de medios persoais entre ambos concellos, que se formalizan mediante convenios. O traballador que colabora nas funcións doutros concellos faino voluntariamente, e por estos traballos realizados a maiores da súa xornada, recibe un importe, que transfire o concello que solicita a colaboración , e que posteriormente conleva que se lle abone ao traballador polo concello de Arzúa os importes que se establezcan, a través da nómina e en concepto de gratificación ou productividade segundo se fixe no convenio. Parece adecuado tamén establecer e aclarar, a petición da intervención, que os ditos importes non se terán en conta no límite global antes indicado aprobado polo Pleno, para o abono de productividade, gratificacións ou pola realización de horas extras, porque non se corresponden con traballos realizados para a nosa entidade, logo os ditos importes abonados polo outro concello, serán xerados (cando resulte necesario) e incrementarán automáticamente o límite global previamente aprobado.
Cabe indicar que neste exercicio 2020, como consecuencia da pandemia que estamos a vivir, fíxose necesario que o persoal de servizos adicase máis horas fóra da súa xornada, como consecuencia da crise sanitaria, que obrigou a prestar servizos especiais de limpeza e desinfección, así como de vixiancia e control, para a suplir a carencia de outro persoal por baixas etc, logo resulta necesario poder atender aos gastos que derivan dos ditos traballos realizados fóra da xornada de traballo, polo tanto urxe a dita aclaración toda vez, sin esta aclaración, o crédito dispoñible, xa non sería suficiente para a inclusión dos ditos conceptos na nómina do mes que ven, sendo incluso necesario antes do remate do ano, incrementar o orzamento total a abonar aos empregados por estes conceptos, así como a determinación de criterios obxectivos de otorgamento de productividade,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

asuntos que deberán ser previamente negociados coa representación dos traballadores. Aos efectos de non incrementar o importe total das retribucións, respetando os límites de incremento das retribucións totais do persoal, que se establecen no artigo 3º, punto dous e catro do Real Decreto Lei 2/2020 de 21 de decembro, indicar que o incremento deste importe global nutrirase cos importes dispoñibles das retribucións por outros conceptos, que non serán gastadas para respetar o límite da masa salarial do persoal laboral e das retribucións totais do persoal funcionario.
Visto todo o exposto, efectúase a seguinte proposición;
PRIMEIRO.- Ratificar a inclusión do asunto na orden do día do Pleno Extraordinario, vista a urxencia de efecuar a aclaración demandada pola Interventora Municipal, aos efectos de poder incluír na seguinte nómina os importes que deriven das incidencias da nómina, que respondan ao concepto retributivo gratificación /hora extra ou productividade.
SEGUNDO.- Ratificar que o límite global consignado no orzamento prorrogado para o exercicio 2020 en concepto de productividade /gratificación/horas extras debe verse incrementado nos importes que se determinan a abonar en concepto de " complemento por funcións de Tesoureiría" ao funcionario que desenvolve estas funcións, ata que a praza sexa cuberta por funcionario da Administración Local, con habilitación nacional, así como tamén debe verse incrementado polo importe que derive dos ingresos que efectúen outros concellos cos que se ten asinado convenios de colaboración en materia de persoal, cando obedezan a retribucións que os empregados municipais reciben por traballos realizados fóra da súa xornada de traballo e para outras entidades."

Informa a secretaria que en primeiro lugar, procede votar a urxencia de tratar agora dita proposición,que está sen ditaminar en comisión informativa.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este punto, que por unanimidade de todos os membros presentes, douse por motivada a urxencia.

Deseguido interveñen:

O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:
- Que vai votar a favor deste punto, porque se houbo persoal que fixo horas extras e labores que non son da súa competencia o normal é que se lles pague.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar, que se vai abster porque non se detallan o número de horas que realizou cada un dos traballadores nin se identifican salvo o tesoureiro, e tampouco non se especifica en que concellos traballaron.

* O Sr. Alcalde para explicar:
- Que como xa saben existe un convenio entre Boimorto e Arzúa para compartir o informático, dito informático fixo horas a maiores.
- Que no caso do tesoureiro e polas funcións que está a desenvolver mentres a praza

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

de tesourería non se cubra.

- Que no caso do persoal de mantemento tamén xa se explica que fixeron mais horas debido o tema do Covid

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 9 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE , e 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do BNG) e 3 abstencións dos concelleiros/as do PP , o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar a inclusión do asunto na orde do día do Pleno Extraordinario, vista a urxencia de efecuar a aclaración demandada pola Interventora Municipal, aos efectos de poder incluír na seguinte nómina os importes que deriven das incidencias da nómina, que respondan ao concepto retributivo gratificación /hora extra ou productividade.

SEGUNDO.- Ratificar que o límite global consignado no orzamento prorrogado para o exercicio 2020 en concepto de productividade /gratificación/horas extras debe verse incrementado nos importes que se determinan a abonar en concepto de " complemento por funcións de Tesoureiría" ao funcionario que desenvolve estas funcións, ata que a praza sexa cuberta por funcionario da Administración Local, con habilitación nacional, así como tamén debe verse incrementado polo importe que derive dos ingresos que efectúen outros concellos cos que se ten asinado convenios de colaboración en materia de persoal, cando obedezan a retribucións que os empregados municipais reciben por traballos realizados fóra da súa xornada de traballo e para outras entidades.

3.- APROBACION DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICICIAL DE CRÉDITO 3/2020: FACTURAS DE SUBMINISTROS ELÉCTRICOS CORRESPONDENTES A OUTROS EXERCICIOS. EXPTE. TEDEC: 2020/X999/000094

A secretaria le a proposta do alcalde, cuxo contido é o seguinte:

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DIRIXIDA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS 3/2020 PREVIA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA DO PLENO EXTRAORDINARIO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

En data 13.10.2010, proponse a aprobación de varias relacións de facturas, tras seren conformadas pola Alcaldía e Concelleira delegada, segundo se establece nas bases de execución do orzamento, en data 14.10.2020 emítese informe de fiscalización previa da interventora municipal, mediante decreto de alcaldía nº 532/2020 acórdase a probación da relacións de facturas. Detectados erros na resolución detectada mediante decreto 564/2020 de data 05/11/2020 acórdase unha rectificación do anterior decreto, acordando no punto segundo da parte resolutiva o seguinte;

"Verificado mediante informe de intervención que a relación de facturas F/2020/39 inclúe facturas de subministros electrícos prestados no exercicio 2017, procede previamente ao seu recoñecemento e pago, ratificar en Pleno a dita aprobación, por tratarse de recoñecementos extraxudicais de créditos. Procede a requerírselle a empresa subministradora explicación polos retrasos na facturación."

A xestora da empresa mediante email responde indicando o seguinte;

"Lamento que nos hubieran avisado de que os iban a cargar en face estas facturas antiguas, que tenían una incidencia y al haberse solucionado, se han vuelto a cargar.

Se trata de facturas que bien no se cargaron en su día o fueron rechazadas por el siguiente motivo: "Rechazada Sist.Contable:AUT. Rechazo: Tipo de Justificante No Admitido: CR""

Aos efectos de non dilatar máis a tramitación das ditas facturas, que se corresponden con subministros de enerxía eléctrica necesarios para prestar o servicio obrigatorio de alumeado público, así como para sufragar tamén o gasto que deriva da dita subministración nas instalacións da Gardería Municipal, que segundo convenio asinado coa Administración Autonómica o dito gasto debe ser sufragado polo Concello de Arzúa, tendo constancia que no exercicio 2017 non se produce cortes de subministro, e polo tanto existe conformidade coa prestación realizada, procede continuar coa tramitación do expediente de gasto, para que non exista un enrequecimento inxusto da Administración Pública, e procede ratificar o levantamento do reparo acordado pola Alcaldía (visto o importe e duración do factura pola empresa mediante procedementos de adxudicación directa en todo este período), aos efectos de continuar coa contratación do dito subministro, entre tanto non se poida tramitar e adxudicar o contrato que correspondería a duración e importe da subministración, e todo elo , tendo en conta o carácter esencia do dito servizo, e tendo en conta as carencias de medios persoais existentes no concello , aos efectos de proceder a preparar o expediente de contratación que se determina na normativa.

Iniciado o exercicio orzamentario de 2020, constan na Contabilidade Municipal xustificantes de gastos realizados no exercicio anterior e que non foron imputados ao orzamento do ano 2019, relativos a servizos e subministros necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais, así como outros gastos, que non foron facturados no anterior exercicio, e polo tanto deben ser tramitados como Recoñecementos extraxudiciais de crédito .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Considerando a efectiva prestación dos servizos e subministros a que se refiren os xustificantes de gasto que se relacionan no expediente, constando facturas acreditativas debidamente conformadas polos responsables da área de gasto correspondente (Alcalde e Concelleira).

Considerando necesario e obrigado atender os gastos que se relaciónan na relación de facturas que acompaña (F/2020/39 formada por 31 facturas que ascenden a un importe de 3.540,19 €) para evitar o prexuízo dos terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecimento inxusto de ésta, e considerando que a imputación dos gastos ao exercicio corrente non causará perxuízo a atención das necesidades do citado exercicio, pero neste suposto debe suliñarse que o motivo da necesaria imputación do gasto a este exercicio é consecuencia de problemas na empresa subministradora ao facturar.

Considerando a teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario que executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, polo que se atribúe ao pleno da Corporación a aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito cando non exista dotación orzamentaria específica para a atención de gasto de outras anualidades, existindo crédito adecuado e suficiente para atender agora o dito gasto nas aplicacións orzamentarias 165 221 00 e 326 221 00.
Sendo urxente proceder a adoptar o acordo de aprobación do dito recoñecemento extraxudicial, aos efectos de que o cómputo dos prazos de pagamento se prolongue máis no tempo, toda vez o prazo de 60 días establecido na normativa de morosidade (30 días para tramitar as facturas e ser conformadas e outros 30 días para proceder ao pagamento), nalgunha das facturas xa se viu superado, tendo en conta que de reclamar a empresa se podería ver incrementada a débeda por seren esixidos xuros de mora, considero necesario que se ratifique a inclusión da dita proposición na orde do día do Pleno extraordinario que se convoca, e que se acorde a aprobación do acordo de recoñecemento extraxudicial de crédito

Polo presente Propoño ao Pleno;

PRIMEIRO.- Ratificar a inclusión do asunto na orden do día do Pleno Extraordinario, vista a motivación da urxencia na parte expositiva.

SEGUNDO.- Ratificar o levantamento de reparo e continuación co expediente de gasto que deriva dunha adxudicación directa a empresa comercializadora, do dito subministro, entre tanto non se tramite e adxudique o dito contrato seguindo o procedemento axeitado e aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas que figuran na relación F/2020/39 ; 31 facturas de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

importe 3.540,19 € e que se detallan na documentación anexa."

Informa a secretaria que en primeiro lugar, procede votar a urxencia de tratar agora dita proposición,que está sen ditaminar en comisión informativa.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este punto, que por unanimidade de todos os membros presentes, douse por motivada a urxencia.

Deseguido interveñen:

* O Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar, que estas facturas non debían chegar a tratarse nun pleno, cre que hai unha forma de xestionalas por decreto, parecelle un fallo da concelleira de economía non ter esta xestión actualizada.

* A Sra Balado Conde (do PSdeG) para indicar, que vai votar a favor porque é necesario aboar estas facturas.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar:
- Que van votar a favor porque hai que pagarlle a empresa polo subministro.
- Que querian preguntar porque no seu momento foi rexeitada esa factura, porque pon xustificante non admitido.
- Que o que non se entende é como a empresa eléctrica que pase as facturas con tres anos de retraso non é moi normal, se fora unha familia necesitada xa lle tiñan cortada a luz os dous ou tres mes.
- Porque foi rexeitada no seu momento, quen controla esas facturas agora que pasaron tres anos e moito mais difícil fiscalizar iso.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica:
- Que non sabe se realmente isto ten explicación, estas facturas levan moito tempo que foron remitidas, non se aclara tampouco se tivo culpa a empresa ou o concello, aquí falase dun rexeitamento que entende que é por parte da plataforma, pero non sabe se o concello tivo algunha responsabilidade ou non, e non sabe hasta que punto estas empresas poden reclamar o pago dunha factura que posiblemente por culpa deles, pasan os anos e deben pagarselle, non sabe se no concello hai unha falta de control, son 3.500 euros que no consumo que se fai no concello a longo do ano igual non representa moito. Non sabe como se chegou a isto por parte da empresa ou do concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

* O Sr. alcalde responde:

-Con Fenosa sempre hai que andar un pouco a remolque, porque como ven saben todos os anos a principio de ano hai que aprobar facturas que veñen atrasadas e no caso destas, non sabe moi ben o motivo polo que foron devoltas no seu momento, se foron devoltas no seu momento e non as presentaron ata agora, o problema teñenno eles, o noso problema e que a administración ten que pagar os servizos que prestaron aínda que sexa a reganadentes.
-O ano pasado tivemos contratada unha empresa que estivo facendo o control de todas as facturas, no caso de que non estiveran ben devolvíanse e volvían a presentalas, tivo contrato durante un ano porque era o que nos permitía o contrato que se fixo, senón tería que sacarse como servizo, de todas formas quedaron arranxados algúns problemas que había.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 9 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE , e 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do BNG) e 3 abstencións dos concelleiros/as do PP , o Pleno municipal **ACORDOU**:

UNICO: Ratificar o levantamento de reparo e continuación co expediente de gasto que deriva dunha adxudicación directa a empresa comercializadora, do dito subministro, entre tanto non se tramite e adxudique o dito contrato seguindo o procedemento axeitado e aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas que figuran na relación F/2020/39 ; 31 facturas de importe 3.540,19 € e que se detallan na documentación anexa.”

As 10:57 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde,	A secretaria,
José Luis García López	Rebeca Vázquez Vázquez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 22/12/2020 11:43:00) , José Luis García López (FECHA: 22/12/2020 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: fYiIzq9erRWcWPoBVU1M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.